



PROXECTO EDUCATIVO

ÍNDICE

CAPÍTULO I: ASPECTOS XERAIS

1. Características do contorno escolar e necesidades educativas a satisfacer

- 1.1. Contorno social, económico e cultural
- 1.2. Contorna lingüística
- 1.3. Necesidades educativas a satisfacer

2. Sinais de identidade

- 2.1. Características do centro
 - 2.1.1. Infraestruturas e recursos materiais
 - 2.1.2. O alumnado
 - 2.1.3. O profesorado
 - 2.1.4. O persoal non docente
 - 2.1.5. Oferta educativa
 - 2.1.6. Horario xeral do centro
 - 2.1.7. Recursos complementarios
- 2.2. Valores, principios e fins
 - 2.2.1. Valores
 - 2.2.2. Principios de identidade
 - 2.2.3. Fins educativos
- 2.3. Obxectivos xerais
- 2.4. Prioridades de actuación

CAPÍTULO II: DESENVOLVEMENTO CURRICULAR

1. Aspectos xerais

- 1.1. Oferta educativa
 - 1.1.1. ESO
 - 1.1.1.1. Aula de educación especial para alumnado con trastornos xeralizados do desenvolvemento (trastornos do espectro autista)
 - 1.1.2. Bacharelato
 - 1.1.2.1. Modalidades e vías
- 1.2. Adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural e ao alumnado
 - 1.2.1. Obxectivos da ESO
 - 1.2.2. Obxectivos do Bacharelato

Proxecto Educativo

- 1.3. Lingua vehicular das materias
 - 1.4. Decisións xerais sobre a metodoloxía
 - 1.4.1. Liña metodolóxica xeral do centro
 - 1.4.2. Materiais curriculares
 - 1.4.3. Liberdade de cátedra
 - 1.4.4. Tecnoloxías aplicadas ao coñecemento (TAC)
 - 1.5. Contribución da etapa á consecución das competencias básicas
 - 1.6. Criterios xerais do centro sobre avaliación do alumnado
 - 1.7. Criterios xerais do centro sobre promoción e titulación
 - 1.7.1. Criterios xerais de promoción
 - 1.7.2. Criterios xerais de titulación
 - 1.7.3. Criterios para a concesión de matrículas de honra
 - 1.7.4. Perda do dereito a avaliación continúa
 - 1.8. Liñas xerais de atención á diversidade
 - 1.8.1. Medidas organizativas
 - 1.8.1.1. Procedemento xeral de reparto do alumnado nos grupos
 - 1.8.1.2. Medidas organizativas na ESO
 - 1.8.1.3. Medidas organizativas no Bacharelato
 - 1.8.2. Medidas curriculares
 - 1.9. Criterios para introducir a educación en valores nas distintas materias
 - 1.10. Criterios xerais do centro para a elaboración das programacións
-
- 2. Plans e programas**
 - 2.1. Proxecto Lingüístico
 - 2.2. Proxecto Lector
 - 2.3. Plan de Integración das TIC
 - 2.4. Plan de Atención á Diversidade
 - 2.5. Plan de Orientación e Acción Titorial
 - 2.6. Plan de Reforzo para o alumnado repetidor ou con materias pendentes
 - 2.7. Plan de atención ao alumnado que non opte polo ensino de relixión

CAPÍTULO III: NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA

- 1. Plan de Convivencia**
- 2. Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia**
- 3. Plan de Autoprotección**

CAPÍTULO IV: PROXECTO DE XESTIÓN ECONÓMICA

- 1. Recursos educativos dos que se dispón o centro**
 - 1.1. Espazos
 - 1.2. Recursos TIC

- 2. Proxecto de xestión**
 - 2.1. Reparto de responsabilidades en relación coa xestión económica
 - 2.2. Funcionamento da comisión económica
 - 2.3. Orzamento e xustificación de gastos

- 3. Plan de accións para a obtención de recursos complementarios**



IES “Leiras Pulpeiro”
R/ Orquidea nº 45, 27004 Lugo
Tlfno: 982-203427 / Fax 982-203486
ies.leiras.pulpeiro@edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Proxecto Educativo

CAPÍTULO I

ASPECTOS XERAIS

Proxecto Educativo

1. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO ESCOLAR E NECESIDADES EDUCATIVAS A SATISFACER

1.1. CONTORNO SOCIAL, ECONÓMICO E CULTURAL

O IES Leiras Pulpeiro está situado no barrio de Casás-Abella, na rúa Orquidea, número 45, en Lugo:




De acordo coa planificación educativa da Xunta de Galicia, o IES Leiras Pulpeiro creouse no ano 1998 para dar resposta ás necesidades de escolarización da zona de Casás-Abella. Máis tarde incluíríase na súa área de influencia ao alumnado de ensino post-obrigatorio do concello de Friol.

O **ISEC** (Índice Socioeconómico e Cultural) das familias é **medio-baixo**. Na zona habita unha poboación maioritariamente constituída por persoas que cursaron estudos obrigatorios (primario ou secundario), sen que iso implique a obtención da titulación correspondente (Graduado Escolar ou Título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria). Unha menor porcentaxe rematou estudos secundarios postobrigatorios ou estudos superiores.

Proxecto Educativo

A efectos de baremación no proceso de admisión do alumnado á ESO e ao Bacharelato, a área de influencia é a suma das áreas de influencia dos seus centros adscritos.

Estas áreas están delimitadas no seguinte mapa con cores vermella (área do CEIP de Casás) e azul (área do CEIP Menéndez Pelayo):



Aínda que os centros do Concello de Friol non están adscritos ao IES Leiras Pulpeiro, este concello atópase na area de influencia do instituto, o que será tido en conta a efectos de baremación para a admisión do seu alumnado.

1.2. CONTORNA LINGÜÍSTICA

Para determinar a lingua predominante no contorno, tivéronse en conta os seguintes aspectos:

- Análise do contexto: familias, administración municipal, asociacións culturais...
- Os datos da situación sociolingüística do centro, con información dos usos lingüísticos do profesorado, alumnado e persoal non docente.
- Observación directa da realidade do propio centro, fundamentalmente no que se refire á utilización da lingua galega en situacións informais dos membros da comunidade educativa.

Para concretar a valoración, utilizaremos unha escala que vai do 1 ao 5. Malia á súa sinxeleza é suficiente para definirmos o lugar en que se sitúa o centro para cada variable.

1. Contorno castelanófono.
2. Contorno con predominio do castelán.
3. Contorno con similar presenza das dúas linguas.
4. Contorno con predominio do galego.
5. Contorno galegófono.

A valoración dos catro índices utilizados para coñecer a realidade sociolingüística do centro é a seguinte:

I1. Contexto sociolingüístico do centro	I1 = 3,9
I2. Situación do profesorado	I2 = 3,17
I3. Situación do alumnado	I3 = 2,58
I4. Ambientalidade lingüística do centro	I4 = 3,75

Tendo en conta estes índices, o **indicador global** do centro é **3,17**

Esta valoración reflicte un contorno con similar presenza das dúas linguas. Porén, o índice correspondente ao alumnado (2,58) corresponde a un contorno maioritariamente castelán-falante. Partimos, xa que logo, dunha situación na que o obxectivo consiste en que o alumnado sexa quen de manter a L1 (lingua castelá, no seu caso) e que adquira unha boa competencia na L2 (lingua galega, no seu caso), con especial atención á oralidade e á superación de prexuízos para a súa utilización.

Proxecto Educativo

O mantemento da L1 non suporá demasiado esforzo, pola presenza desta lingua no seu ámbito familiar e social; o desafío estará na adquisición e utilización da L2, o galego. O indicador inferior a 3 mostra una situación que non garante que ó final da súa escolarización o alumnado teña plena competencia bilingüe, polo que é necesario reforzar a presenza da lingua galega. Dado que as linguas só se aprenden adecuadamente se son utilizadas, o emprego do galego nas aulas será a vía idónea para que poidan adquirir a plena competencia nesa lingua.

1.3. NECESIDADES EDUCATIVAS A SATISFACER

As necesidades educativas están en clara consonancia coa análise feita anteriormente sobre a situación socioeconómica, cultural e lingüística da zona. A tenor do exposto, as necesidades educativas a satisfacer na poboación escolar son as seguintes:

- Compensar a situación de partida desfavorecida de gran parte do alumnado, especialmente en canto á súa contorna cultural, tratando de chegar a unha situación de equilibrio co fin de asegurar a igualdade de oportunidades para todo o alumnado.
- Manter un contacto permanente cos Servizos Sociais de Atención Primaria co fin de intercambiar a información necesaria para axudar ao alumnado e ás familias no que necesiten, tanto social coma educativamente.
- Dotar ao alumnado de ESO dunha aprendizaxe funcional, fundamentado na adquisición das competencias clave e no logro dos obxectivos xerais da etapa, que lles forme como cidadáns críticos, conscientes dos seus dereitos e liberdades, tolerantes, solidarios, e responsables con respecto aos seus deberes. Esta aprendizaxe debe servir de base para poderen cursar estudos postobrigatorios ou para a súa incorporación ao mundo laboral.
- Preparar ao alumnado de Bacharelato para abordar con garantías de éxito estudos superiores (sexan universitarios, de formación profesional, artísticos ou deportivos).
- Formar cidadáns e cidadanas comprometidos coa igualdade de oportunidades de homes e mulleres, activos na loita contra o machismo que permanece en moitos ámbitos da sociedade.

Proxecto Educativo

- Formar cidadáns e cidadanas comprometidos coa lingua galega, que sexan quen de valorala e utilizala con normalidade en calquera ámbito da súa vida.
- Tomar as medidas preventivas oportunas permita anticiparse aos problemas sociais e educativos que poidan xurdir.

2. SINAIS DE IDENTIDADE

2.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

2.1.1. INFRAESTRUTURAS

O IES Leiras Pulpeiro comeza a súa actividade no curso 1998-1999.

O centro úbicase nunha parcela de 8.000 m² cunha superficie construída de 6.607 m² e foi proxectado para 640 prazas. Dispón dun edificio principal de 5.173 m² útiles, ao que hai que engadir un anexo de 1.444 m² no que van incluídos o ximnasio e o polideportivo cuberto.

A carón do patio cuberto e do edificio principal atópase unha pista de deportes e ao redor de ambos os dous edificios existen zonas verdes axardinadas.

As infraestruturas e [recursos educativos](#) están relacionados pormenorizadamente no Capítulo IV deste Proxecto Educativo.

2.1.2. O ALUMNADO

ESO e Bacharelato

A procedencia xeográfica do alumnado circunscríbese na súa maior parte ao Concello de Lugo. Unha pequena parte do alumnado procede doutros concellos limítrofes e adoita utilizar o servizo de transporte. Outra parte (no ensino postobrigatorio) procede do Concello de Friol, que se atopa dentro da área de influencia a efectos de escolarización do alumnado.

Na súa maior parte é de orixe nacional (entre o que hai unha pequena presenza de alumnado de etnia xitana). Hai tamén unha pequena parte de alumnado inmigrante, especialmente de orixe latinoamericana (e outra pequena parte de orixe norteafricana).

A maioría do alumnado vive na área de influencia da cidade de Lugo. Un pequeno grupo provén da zona rural.

2.1.3. O PERSOAL DOCENTE

O centro conta cunha plantilla de profesorado con destino definitivo nel, ao que hai que engadir outro profesorado con destino provisional que permite levar a cabo as funcións docentes en relación coa actual oferta educativa.

Este profesorado pertence ao Corpo de Catedráticos de Ensino Secundario, ao Corpo de Profesores de Ensino Secundario e ao Corpo de Mestres.

2.1.4. O PERSOAL NON DOCENTE

Na plantilla deste centro están intregadas dúas subalternas, unha administrativa, catro limpiadoras e unha cuidadora.

2.1.5. OFERTA EDUCATIVA

No IES Leiras Pulpeiro pódense cursar os seguintes estudos en réxime ordinario e modalidade presencial:

- Educación Secundaria Obrigatoria
- Bacharelato:
 - Modalidade de Ciencias
 - Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais
 - Vía de Humanidades
 - Vía de Ciencias Sociais

Proxecto Educativo

Asemade, o centro ten autorizada unha unidade de educación especial para alumnado con trastornos xeralizados do desenvolvemento (trastornos do espectro autista), que conta con persoal docente especializado en réxime de comisión de servizos renovable.

2.1.6. HORARIO XERAL DO CENTRO

As actividades lectivas desenvólvense no seguinte horario:

	Luns - Martes		Mércores – Xoves - Venres	
	ENTRADA	SAÍDA	ENTRADA	SAÍDA
ESO e Bacharelato	8.30	15.00	8.30	14.00

Na ESO e no Bacharelato os luns e martes hai sete períodos lectivos de 50 minutos, cun lecer de 30 minutos entre o terceiro e cuarto período lectivo (de 11:00 a 11:30 h) e outro de 10 minutos entre o quinto e sexto período lectivo (de 13:10 a 13:20 h). O martes, mércores e xoves hai seis períodos lectivos cun período de lecer de 30 minutos entre o terceiro e cuarto.

Os servizos e instalacións do centro están dispoñibles para os alumnos sempre que o requiran para actividades organizadas. Para a súa concesión deberase seguir os criterios que se establezan na normativa legal.

Proxecto Educativo

O centro permanecerá aberto á comunidade educativa sempre que non interfiran co horario lectivo e sexa para actividades organizadas.

A Dirección autorizará o uso das instalacións solicitado por asociacións ou organizacións despois de examinar cada solicitude.

O horario de verán de cara ao público é máis reducido que nos días lectivos e será establecido anualmente.

2.1.1.7. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Os servizos complementarios ofertados polo IES Leiras Pulpeiro son os seguintes:

A) Restauración:

O recinto escolar ten a disposición da comunidade educativa unha cafetería aberta de acordo co horario xeral do Centro, que cumpre coa normativa legal.

Non ofrece servizo de comedor escolar.

B) Transporte escolar:

O Centro dispón de catro rutas de transporte para os alumnos de ESO e Bacharelato.

Ruta: Contrato 99LU0274 (Antonio Pardo Gayoso, S.L.)

Itinerario: Crecente - Fonte dos Ranchos

Paradas:

IES Leiras Pulpeiro
Fonte dos Ranchos
Costado (Vilachá)
Toande (Vilachá)
Escola de Vilachá: dársena
Albazoi (Vilachá)
Bóveda
Vilanova
Vilar de Valín
Vigo
Formigueiros
Prógalo I (Golmar)
Prógalo II (Lameiro)
Carballo (Poutomillos)
O Pasolatas – Bacurín
O Paso
San
Pedro
Crecente

Ruta: Contrato 99LU0281 (LUBER, S.L.)

Itinerario: Porto-Frente Nº6 – Avda. Coruña, 272-Parada bus

Paradas:

IES Leiras Pulpeiro
Avda. Coruña, nº 272 Parada bus
Alto de Garabolos, nº 432-436 Parada bus
N-VI Claveles-E.S. Parada bus
Ceao-Tirimol, nº 11
Bagueixos-Cardelle
A Brea
A Brea II
Seivane
Tirimol
Granxa Cortiñas (Xiro)
Pías-Coral de Arriba
Pías-Marquesina bus
Pías-Curceiro Pías-
Corutelo Porto-Frente
Nº6

Ruta: Contrato 99LU0277 (Muralla Bus, S.L.)

Itinerario: Ramil Xiro – Samasas

Paradas:

IES Leiras Pulpeiro
Samasas
Distriz
Vilar
O Castro
Bocamaos
Hombreiro Seivane
(parada) Gondai I
(dársena) Gondai II
(dársena)
San Martín de Ombreiro
(dársena) A Ponte de Ombreiro
(dársena) Riazón
Aez
Cruce San Esteban de Camoiras
Ceide
Outeiro
Ramil (xiro)

Proxecto Educativo

Ruta: Contrato 99LU0271 (Orense Benavente, S.A.)

Itinerario: Astariz – Monte Segade

Paradas:

IES Leiras Pulpeiro
Monte Segade
Torre (Orbazai)
O Cabalo (Adai)
Penarrubia
O Veral
Matelo
Locay
Santa María Alta
Urbanización As
Campas Astariz

2.2. VALORES, PRINCIPIOS E FINS

2.2.1. VALORES

Pluralismo

Non se permitirá a exclusión de ninguén pola súa procedencia, sexo, relixión, ideoloxía, nivel económico ou calquera outra característica personal ou social. Educarase ao alumnado para vivir nunha sociedade plural na que se debe respectar aos demais.

Tolerancia e Solidariedade

A tolerancia e a soliedariedade apréndense e afiánzanse coa práctica. Transmitiranse os valores que as constrúen:

- a aceptación da diferenca como elemento consustancial da identidade
- a empatía, a capacidade de poñerse no lugar do outro
- a preocupación polos demais
- a procura dun entorno afectivo e comunicativo
- a axuda e asistencia aos demais
- a colaboración cos outros
- a compartición cos demais.

Convivencia pacífica

A convivencia nun centro educativo é ás veces complexa, tanto polo número como polas características e intereses dos diferentes membros que forman a comunidade educativa. Favorecerase un bo clima de convivencia e facilitaranse ferramentas para a solución pacífica dos conflitos.

Igualdade de xénero

A igualdade de xénero é un dos piares fundamentais da convivencia e da xustiza social. Fomentarase a implicación dos membros da comunidade educativa na loita activa contra a desigualdade de xénero e a violencia machista, así como a colaboración no fomento dos valores que os movementos feministas defenderon dende os seus inicios.

Respeto polos Dereitos Humanos

A Declaración universal dos Dereitos Humanos son a manifestación explícita dos valores que forman a esencia máis positiva das persoas e, como tal, estarán sempre presentes na vida do centro e na educación do alumnado.

Valores Democráticos

Transmitiranse os valores dunha sociedade democrática: o respecto cara aos demais e cara a un mesmo, o sentido da liberdade ligado ao da responsabilidade, a solidariedade, o respecto á xustiza, a satisfacción polo traballo ben feito e o interese pola participación na mellora da sociedade.

Valoración do esforzo

Transmírase o valor do esforzo como medio imprescindible para conseguir os obxectivos propostos e lograr as propias metas. Sen o esforzo, principalmente do alumnado pero tamén do resto da comunidade educativa, non hai educación posible, non hai evolución posible no ser humano.

Respecto ao medio natural e ao patrimonio cultural

Transmitírase o respecto ao medio natural e ao patrimonio cultural, facendo unha especial referencia ao de Galicia, que é especialmente rico e identitario.

2.2.2. PRINCIPIOS DE IDENTIDADE

Atención no alumnado

O alumno e a alumna son o principal núcleo de atención e son os protagonistas da súa propia aprendizaxe.

Aconfesionalidade

O IES Leiras Pulpeiro é aconfesional. A posición de todas as persoas que forman a súa comunidade educativa será de absoluto respecto as crenzas de cada persoa e á súa opción de pensamento, sexa esta relixiosa ou non.

O centro respectará a pluralidade ideolóxica, especialmente nos aspectos políticos e relixiosos. Facilitaráselle ao alumnado información totalmente obxectiva, coa finalidade de que progresivamente poida ir formando os seus propios criterios e se converta nun cidadán responsable e activo que sexa quén de tomar as súas propias decisións e colabore na creación dunha sociedade democrática e dinámica.

Lingua de Aprendizaxe

A lingua galega, como lingua propia do país, é lingua oficial do centro. Dado o seu perfil de lingua débil e minorada entre a comunidade educativa do centro e a cidadanía de Lugo en xeral, procurarase que esta sexa a lingua ambiental e, na medida do posible, a lingua vehicular das actividades do centro.

Profesionalidade e intención de mellora

Vocación e ambición por estar ao día nos avances dentro do campo educativo, que permiten comprender mellor aos alumnos e alumnas e procurar aprendizaxes de maior nivel e calidade.

Calidade

Calidade de educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.

Calidade nos procesos de ensino: responsabilidade, eficiencia e creatividade para manter un melloramiento continuo na aprendizaxe e no servizo educativo.

Equidade

Equidade na educación, que garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade. A educación é o instrumento máis poderoso para compensar as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, especialmente as que se derivan de calquera tipo de discapacidade.

Asegurarase a inclusión educativa. Garantirase a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación. Garantirase a accesibilidade universal.

Calor humano

Confianza, cercanía, capacidade de acollida, xenerosidade para convivir e desenvolverse nun ambiente de relacións armoniosas.

Participación e responsabilidade

□ fundamental educar na participación e na responsabilidade para formar cidadáns críticos e comprometidos cos valores democráticos, de xeito que poidan facer valoracións e tomar decisións con rigor, para ser quén de participar na sociedade e aportar valor ao seu desenvolvemento.

Coeducación

Traballarase activamente na eliminación da discriminación sexista, na superación dos mitos e tabúes relacionados con ela, e na diferenciación de roles entre homes e mullers.

Interacción co Medio

O centro permanecerá aberto, na medida do posible, á comunidade que o rodea, para que se estableza unha interacción positiva entre o medio social e o centro educativo.

Xestión institucional democrática

A xestión do centro basearase nunha participación real e efectiva de todos os estamentos a través de equipos de traballo constituídos a tal efecto e dos órganos de coordinación e de participación.

2.2.3. FINS EDUCATIVOS

Formación plena

Proporcionar ao alumnado unha formación plena que lle permita conformar a súa propia e esencial identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración ética e moral da mesma. Tal formación plena irá dirixida ao desenvolvemento da súa capacidade para exercer, de xeito crítico e nunha sociedade axioloxicamente plural, a liberdade, a tolerancia e a solidariedade.

Transmisión de valores

Transmitir e exercitar os valores que fan posible a vida en sociedade, singularmente o respecto a todos os dereitos e liberdades fundamentais e adquirir os hábitos de convivencia democrática e do respecto mutuo. Educar na loita contra a discriminación e a desigualdade, sexan estas por razón de orixe, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra de índole social ou persoal.

Preparación para a cidadanía responsable

Preparar para a participación responsable nas distintas actividades e instancias sociais. A madurez das sociedades derívase, en moi boa medida, da súa capacidade para integrar, a partir da educación e co concurso da mesma, as dimensións individual e comunitaria.

Formación e instrución para unha sociedade en permanente evolución

Dar a formación, a instrución e a transmisión de coñecementos e saberes que aseguren unha óptima adecuación de resposta ás crecentes e cambiantes necesidades da sociedade do coñecemento.

2.3. OBXECTIVOS XERAIS

Tendo en conta os anteditos fins educativos, o IES Leiras Pulpeiro perseguirá coa súa práctica educativa os seguintes obxectivos xerais:

1. Desenvolver a personalidade do alumnado mediante unha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores en todos os ámbitos da vida persoal, familiar, social e profesional.
2. Adquirir hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como coñecementos e saberes de diversos tipos: científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
3. Fomentar o desenvolvemento das capacidades creativas e do seu espírito crítico.
4. Favorecer a efectiva igualdade de dereitos entre as persoas e o rexeito a calquera tipo de discriminación por razóns de sexo, raza, relixión, opinión ou calquera outra peculiaridade persoal ou social, inculcando hábitos de comportamento democrático.
5. Preparar ao alumnado para participar activamente na vida social e cultural a nivel de Centro, poboación na que residen e sociedade en xeral.
6. Capacitar ao alumnado para o exercicio de actividades profesionais.
7. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural dos pobos do mundo.
8. Formar no respecto e na defensa do medio ambiente fomentando a súa implicación persoal.
9. Fomentar as actitudes de diálogo como medio para a resolución de conflitos.

2.4. PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

Vista a realidade social e cultural do alumnado do centro, e os valores, principios e fines establecidos anteriormente, as súas prioridades de actuación concrétnanse nos seguintes puntos esenciais:

Compensación das desigualdades

Aplicaranse todas as medidas compensatorias necesarias co fin de asegurar a igualdade de oportunidades do alumnado do centro, independentemente da súa orixe familiar, da súa contorna social e cultural, e das súas capacidades económicas.

Atención á diversidade

Aplicaranse as medidas educativas necesarias de atención á diversidade, que posibiliten ao alumnado desenvolver ao máximo as súas capacidades e competencias.

Preparación para os retos da sociedade do coñecemento

Utilizaranse todos os medios e recursos necesarios para preparar ao alumnado de xeito que sexa quen de enfrontarse a unha sociedade tecnolóxica e en contínuo cambio. A sociedade actual xa non é simplemente unha sociedade da información, senón do coñecemento. Isto implica que o cidadán debe ser quen de buscar a información, procesala e crear novo coñecemento de valor a partir dela.

Valoración da lingua galega

Utilizarase preferentemente a lingua galega e formarase ao alumnado na valoración como lingua propia e identitaria de Galicia, co fin de que deixe de ser a lingua minorada e débil fronte ao castelán.

Formación en linguas estranxeiras

Motivarase ao alumnado para que se forme polo menos nunha lingua estranxeira e, de ser posible en dúas, dadas as necesidades de mobilidade no mercado laboral ao que deberán acceder nun futuro.

Formac

CAPÍTULO II

DESENVOLVEMENTO

CURRICULAR

1. ASPECTOS XERAIS

1.1. OFERTA EDUCATIVA

1.1.1. ESO

O centro ten autorizadas dende a súa creación catro unidades por nivel dentro da etapa de ESO.

Debido ao seu carácter comprensivo e obrigatorio, nas ensinanzas da ESO hai pouca optatividade, agás no 4º curso, que ten un carácter terminal pero tamén propedéutico para o Bacharelato.

A oferta con respecto ás materias que pode elixir o alumnado, en réxime ordinario, é a seguinte:

1º ESO

- **Segunda lingua estranxeira:**
 - *Francés*
- **Materia de libre configuración do centro:**
 - *Promoción de estilos de vida saudables*
- **Ensinanzas relixiosas** (elixirase unha dentre as seguintes):
 - *Relixión católica*
 - *Relixión evanxélica*
 - *Valores éticos*

2º ESO

- **Segunda lingua estranxeira:**
 - *Francés*
- **Materia de libre configuración do centro:**
 - *Educación Dixital*
- **Ensinanzas relixiosas** (elixirase unha dentre as seguintes):
 - *Relixión católica*
 - *Relixión evanxélica*
 - *Valores éticos*

Para o alumnado que cumpra cos requisitos establecidos na normativa e cando así o estime o equipo docente, ofrécese un **Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento**.

3º ESO

- **Matemáticas** (elixirase unha dentre as seguintes):
 - *Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas*
 - *Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas*
- **Materias optativas** (elixirase unha dentre as seguintes):
 - *Segunda lingua estranxeira (Francés)*
 - *Cultura clásica*
- **Ensinanzas relixiosas** (elixirase unha dentre as seguintes):
 - *Relixión católica*
 - *Relixión evanxélica*
 - *Valores éticos*

Para o alumnado que cumpra cos requisitos establecidos na normativa e cando así o estime o equipo docente, ofrécese un **Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento**.

4º ESO

- **Ensinanzas relixiosas** (elixirase unha dentre as seguintes):
 - = ~~Relixión católica~~
 - *Relixión evanxélica*
 - *Valores éticos*
- **O alumnado debe elixir unha destas opcións:**
 - *Ensinanzas académicas*
 - *Ensinanzas aplicadas*

A oferta académica segundo a opción elixida, é a seguinte:

- Na columna da esquerda, escollerase unha opción:

Proxecto Educativo

OPCIÓN	OPCIÓN DE MATEMÁTICAS (segundo a opción escollida)	TRONCAL DE OPCIÓN (elixir 1 materia de cada columna, dentro da opción escollida)	
³ Ensinanzas académicas (iniciación ao Bacharelato)	<i>Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas</i>	³ <i>Biología e xeoloxía</i> ³ <i>Economía</i>	³ <i>Física e química</i> ³ <i>Latín</i>
³ Ensinanzas aplicadas (iniciación á FP)	<i>Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas</i>	³ <i>Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional</i> ³ <i>Tecnoloxía</i>	³ <i>Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial</i>

- As materias ESPECÍFICAS DE OPCIÓN e as ensinanzas relixiosas pódense elixir independentemente da opción escollida, respectando a indicación seguinte:



Cómpre elixir 3 materias (1 en cada columna)

OPCIÓN	Elixir 3 materias (6h. en total)		ENSINANZAS RELIXIOSAS (elixir 1 materia)
	ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (elixir 1 materia de cada columna)		
Para todas as opcións	³ <i>Educación plástica, visual e audiovisual</i>	³ <i>2ª Lingua estranxeira:</i> <i>Francés</i>	³ <i>Relixión</i>
	³ <i>Filosofía</i>	³ <i>TIC</i>	³ <i>Valores éticos</i>
	³ <i>Cultura científica</i>	³ <i>Cultura clásica</i>	
	³ <i>Música</i>		

1.1.1AULA DE EDUCACIÓN ESPECIAL PARA ALUMNADO CON TRANSTORNOS XERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO (TRANSTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA)

O IES Leiras Pulpeiro ten autorizada unha unidade de educación especial para alumnado con transtornos xeralizados do desenvolvemento (alumnado con trasntornos do espectro autista). Este alumnado cursa as ensinanzas da ESO en réxime de escolarización combinada. A unidade conta cunha aula específica dotada dos recursos necesarios e con persoal adscrito a ela mediante concurso de méritos para desenvolver o seu traballo con alumnado de escolarización preferente.

1.1.2. BACHARELATO

O centro ten autorizadas dende a súa creación tres unidades por nivel dentro da etapa de Bacharelato.

1.1.2.1. MODALIDADES E VÍAS

1º Bacharelato

Ofértanse, en réxime ordinario, as seguintes modalidades e vías:

- Modalidade de **Humanidades e ciencias sociais** - Vía de **Humanidades**
- Vía de **Ciencias sociais**
- Modalidade de **Ciencias**

A oferta académica segundo as modalidades, vías e materias de opción, é a seguinte:

- Na columna da esquerda, escollerase unha modalidade (e, no caso de *Humanidades e ciencias sociais*, tamén a vía):

MODALIDADE	TRONCAL OBRIGADA (segundo a modalidade e vía escollida)	TRONCAL DE OPCIÓN (elixir 1 materia de cada columna, dentro das da modalidade)	
³ Humanidades e Ciencias sociais (vía Humanidades)	Latín I	³ Grego I	³ Literatura universal
³ Humanidades e Ciencias sociais (vía Ciencias sociais)	Matemáticas aplicadas ás Ciencias sociais I	³ Economía	³ Hª do mundo contemporáneo
³ Ciencias	Matemáticas I	³ Bioloxía e xeoloxía ³ Debuxo técnico I	³ Física e química

Proxecto Educativo

- As materias ESPECÍFICAS DE OPCIÓN, materias DE LIBRE CONFIGURACIÓN DO CENTRO e a materia RELIXIÓN pódense elixir independentemente da modalidade ou vía escollida, respectando as indicacións seguintes.
- Cómpre elixir 3 materias (1 en cada columna) que sumen 6h. semanais en total. Polo tanto, as posibles combinacións horarias son:
 - 3h + 2h + 1h
 - 2h + 2h + 2h

	Elixir 3 materias (6h. en total)		
MODALIDADE	ESPECÍFICAS DE OPCIÓN		MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN / RELIXIÓN
E	(elixir 1 materia de cada columna)		(numerar por orde de preferencia)
	1 <i>Linguaxe e práctica musical</i> (3h.)	2 <i>2ª Lingua estranxeira I:</i> <i>Francés</i> (2h.)	1 <i>Relixión</i> (1h.)
	2 <i>Cultura científica</i> (2h.)	3 <i>TIC I</i> (2h.)	2 <i>Literaturas hispánicas</i> (2h.)
	3 <i>Tecnoloxía industrial I</i> (3h.)		3 <i>Antropoloxía</i> (2h.)
Para todas as modalidades e vías			4 <i>Prácticas textuais</i> (1h.)
			5 <i>Historia do cine</i> (2h.)
			6 <i>Actividades físicas de ocio e tempo libre e vida saudable</i> (2h.)
			7 <i>Aprendendo a facer ciencia</i> (2 h.)
			8 <i>Técnicas experimentais de Física e química</i> (2 h.)
			9 <i>Robótica</i> (2 h.)
			10 <i>English for specific purposes</i> (2 h.)

Proxecto Educativo

2º Bacharelato

Ofértanse, en réxime ordinario, as seguintes modalidades e vías:

- Modalidade de **Humanidades e ciencias sociais** - Vía de **Humanidades**
- Vía de **Ciencias sociais**
- Modalidade de **Ciencias**

A oferta académica segundo as modalidades, vías e materias de opción, é a seguinte:

- Na columna da esquerda, escollerase unha modalidade (e, no caso de *Humanidades e ciencias sociais*, tamén a vía):

MODALIDADE	TRONCAL OBRIGADA (segundo a modalidade e vía escollida)	TRONCAL DE OPCIÓN (elixir 1 materia de cada columna, dentro das da modalidade)
------------	---	--

Humanidades e Ciencias sociais (vía Humanidades)	Latín II	Grego II Economía de empresa	Xeografía
Humanidades e Ciencias sociais (vía Ciencias sociais)	Matemáticas aplicadas ás Ciencias sociais II	Hª da filosofía	Hª do arte

Ciencias	Matemáticas II	Bioloxía Debuxo técnico II	Xeoloxía Física Química
----------	----------------	-------------------------------	-------------------------------

- As materias ESPECÍFICAS DE OPCIÓN, materias DE LIBRE CONFIGURACIÓN DO CENTRO e a materia RELIXIÓN pódense elixir independentemente da modalidade ou vía escollida, respectando as indicacións seguintes.
- Cómpre elixir 3 materias (1 en cada columna) que sumen 8h. semanais en total. Polo tanto, as posibles combinacións horarias son:

- 3h + 3h + 2h

- $3h + 4h + 1h$

Proxecto Educativo

Elixir 3 materias (6h. en total)		
MODALIDADE	ESPECÍFICAS DE OPCIÓN	MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN / RELIXIÓN
(elixir 1 materia de cada columna)		(numerar por orde de preferencia)
	1ª <i>Hª da música e da danza (3h.)</i>	2ª <i>2ª Lingua estranxeira II: Francés (3h.)</i>
	2ª <i>Ciencias da Terra e do medio ambiente (3h.)</i>	3ª <i>TIC II (3h.)</i>
	3ª <i>Tecnoloxía industrial II (3h.)</i>	4ª <i>Psicoloxía (3h.)</i>
	4ª <i>Imaxe e son (3h.)</i>	5ª <i>Química (4h.)</i>
		6ª <i>Xeografía e Hª de Galicia (2h.)</i>
		7ª <i>Literatura Galega do s.XX e da Actualidade (2h.)</i>
		8ª <i>A actividade física como forma de vida saudable (2h.)</i>
		9ª <i>Relixión (1h.)</i>
		10ª <i>A ciencia nas túas mans (1h.)</i>
		11ª <i>Social Spoken English (1h.)</i>



IES "Leiras Pulpeiro"
R/ Orquidea nº 45, 27004 Lugo
Tlfno: 982-203427 / Fax 982-203486
ies.leiras.pulpeiro@edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Proxecto Educativo

1.2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL E AO ALUMNADO

1.2.1. OBXECTIVOS DA ESO

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Proxecto Educativo

- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1.2.2. OBXECTIVOS DO BACHARELATO

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha concienciación responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a

Proxecto Educativo

sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, comofontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal esocial, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

1.3. LINGUA VEHICULAR DAS MATERIAS

En cumprimento do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, a lingua vehicular en que se imparten as materias ata o curso 2017/2018 será a seguinte:

1º ESO (LOMCE)

		H/sem	H/sem	H/sem	H/sem
			GALEGO	CASTELÁN	ING/FRA
1	BX	4	4		
2	XH	3	3		
3	EF	2	2		
4	EPVA	2		2	
5	L Cast Lit	4		4	
6	Ingl	3			3
7	L Gal Lit	4	4		
8	Mat	5		5	
9	Promoc.Est.Vida Saud.	1	1		
10	Francés	2			2
11	Rel / Val.Ét.	1		1	
12	Titoría	1	1		
Total (horas)			15	12	5
% (horas)			47%	37%	16%
Total (materias)			6	4	2

Proxecto Educativo

2º ESO (LOE)

	H/sem	H/sem	H/sem	H/sem
		GALEGO	CASTELÁN	ING/FRA
1 FQ	3		3	
2 XH	3	3		
3 EF	2	2		
4 Investigac. e tto. informac	1	1		
5 L Cast Lit	3		3	
6 Ingl	3			3
7 L Gal Lit	3	3		
8 Mat	5		5	
9 Mús	2	2		
10 Tecnoloxías	3		3	
11 Francés	2			2
12 Rel / Val.Ét.	1	2		
13 Titoría	1	1		
Total (horas)		13	14	5
% (horas)		40%	44%	16%
Total (materias)		7	4	2

3º ESO (LOMCE)

	H/sem	H/sem	H/sem	H/sem
		GALEGO	CASTELÁN	ING/FRA
1 BX	2	2		
2 FQ	2		2	
3 XH	3	3		
4 EF	2	2		
5 EPVA	2		2	
6 L Cast Lit	3		3	
7 Ingl	3			3
8 L Gal Lit	3	3		
9 Mat	4		4	
10 Mús	2	2		
11 Tecnoloxía	2		2	
12 Rel / Val.Ét.	1	1		
13 Titoría	1	1		
14 OPTATIVAS (1)	2			
CuCa			2	
Francés				2
Total (horas)		14	13/15	3/5
% (horas)		44%	40/47%	9/16%
Total (materias)		7	5/6	1/2

Proxecto Educativo

4º ESO (LOE)

		H/sem	H/sem	H/sem	H/sem
			GALEGO	CASTELÁN	ING/FRA
1	XH	3	3		
2	EF	2	2		
3	L Cast Lit	3		3	
4	Ingl	3			3
5	L Gal Lit	3	3		
6	Mat Acad / Mat Apli	4		4	
7	Titoría	1	1		
8-9	TRONCAIS DE OPCIÓN (2)	6			
	Ensinanzas Académicas:				
	BX		3		
	FQ			3	
	Economía		3		
	Lat			3	
	Ensinanzas Aplicadas				
	CC Apli á Act Prof			3	
	Inic Act Emprend e Empres		3		
	Tecnoloxía			3	
10-11	ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (2)	6			
	EPVA			3	
	Filosofía		3		
	CuCi		3		
	Mús		3		
	TIC			3	
	Fr				3
	CuCa			3	
12	ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (1)				
	Rel / Val.Ét.	1		1	

TRONCAIS, ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURAC. AUTONÓMICA, COMUNS PARA TODO O ALUMNADO:

Total (horas)	9	7	3
% (horas)	47%	37%	16%
Total (materias)	4	2	1

TRONCAIS DE OPCIÓN:

ENSINANZAS ACADÉMICAS:

Total (horas)	6	6	
% (horas)	50,0%	50,0%	
Total (materias)	2	2	

ENSINANZAS APLICADAS:

Total (horas)	3	6	
% (horas)	33%	67%	
Total (materias)	1	2	

Proxecto Educativo

ESPECÍFICAS DE OPCIÓN:

Total (horas)	9	9	2
% (horas)	45%	45%	10%
Total (materias)	3	3	1

Relixión / Valores Éticos

Total (horas)	1	
% (horas)	100%	
Total (materias)	1	

Proxecto Educativo

1º Bacharelato (LOMCE)

	H/sem	H/sem	H/sem	H/sem
		GALEGO	CASTELÁN	ING/FRA
1 EF	2		2	
2 Fil	3	3		
3 L Gal Lit I	3	3		
4 L Cast Lit I	3		3	
5 Inglés I	3			3

TRONCAIS DE OPCIÓN (3):

6-8 Latín I	4		4	
MatApliCS I	4	4		
Mat I	4	4		
Grego I	4		4	
Lit.Univ.	4	4		
Hª M. Cont	4		4	
Eco	4	4		
BX	4	4		
FQ	4		4	
DT I	4		4	

ESPECÍFICAS DE OPCIÓN e DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA E DE CENTRO (3):

9-11 Cult Científ	2	2		
Ling.Práct.Mus.	3	3		
Tec Ind I	3		3	
Fr	2			2
TIC I	2	2		
Antropol	2		2	
Lit Hispán.	2		2	
Robótica	2		2	
Rel	1		1	
Prácticas textuais	1	1		
Canto e práctica vogal	1	1		
Hª do cine	2		2	
Act. Fís. de ocio e tempo libre	2			
Aprendendo a facer ciencia	2		2	
Técnicas experimentais de Física e química	2	2		
English for specific purposes	2			2

Proxecto Educativo

2º Bacharelato (LOE)

	H/sem	H/sem	H/sem	H/sem
		GALEGO	CASTELÁN	ING/FRA
1 Hist España	3		3	
2 L Gal Lit II	3	3		
3 L Cast Lit II	3		3	
4 Inglés II	3			3

TRONCAIS DE OPCIÓN (3):

5-7	Latín II	4		4	
	Mat A.C.S. II	4	4		
	Mat II	4		4	
	Hist Fil	4	4		
	Hist Arte	4		4	
	Grego II	4		4	
	Eco de Empr	4	4		
	Xeogr	4		4	
	Biol	4	4		
	Xeoloxía	4	4		
	DT II	4		4	
	Fís	4	4		
	Quím	4		4	

ESPECÍFICAS DE OPCIÓN e DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA E DE CENTRO (3):

8-10	Hª Mús e Danza	3	3		
	C. Terra e A.	3	3		
	Tec Ind II	3	3		
	Imaxe e son	3	3		
	Fr	3			3
	TIC II	3	3		
	Psicoloxía	3	3		
	Quím	3		3	
	Xeogr e HªG.	2	2		
	L.G. sXX e A.	2	2		
	A Act. Fís. Como Forma de Vida Saudable	2	2		
	Relixión	1		1	
	A ciencia nas túas mans	1		1	
	Social Spoken English	1			1



IES "Leiras Pulpeiro"
R/ Orquidea nº 45, 27004 Lugo
Tlfno: 982-203427 / Fax 982-203486
ies.leiras.pulpeiro@edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Proxecto Educativo

1.4. DECISIÓNS XERAIS SOBRE A METODOLOXÍA

1.4.1. LIÑA METODOLÓXICA XERAL DO CENTRO

O traballo basearase nunha metodoloxía activa, fomentando no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante o traballo individual e colectivo, se converterá na base da súa formación e o capacitará para aprenderen a aprender e poderen seguir a facelo ao longo de toda a súa vida.

Desenvolverase o espírito crítico, a capacidade de discusión e a vontade colectiva de transformación da realidade social.

O labor educativo e disciplinario basearase no respecto mutuo, na responsabilidade, no diálogo, na reflexión, na colaboración e na solidariedade.

É practicamente imposible definir unha liña metodolóxica unitaria, dado que cada profesor/a, e especialmente cada materia segundo a súa propia natureza, aporta o seu propio estilo docente. Por isto, o IES Leiras Pulpeiro, lonxe de establecer unha liña metodolóxica ríxida que non deixe posibilidades de manobra, buscará o equilibrio e a complementariedade de métodos didácticos diversos. Buscaranse puntos de encontro entre eles primando:

- a actividade práctica do alumnado, que
 - na ESO lle axude a desenvolver as súas competencias básicas como elemento primordial do currículo,
 - no Bacharelato lle axude a poñer en práctica os contidos dun xeito aplicado aos problemas que se lle plantexen,
- as aprendizaxes significativas, que lle axuden a construír o seu coñecemento,
- a aprendizaxe por descubrimento do propio alumnado, que afiance con moita máis forza o aprendido e o motive a seguir a aprender,
- a funcionalidade das aprendizaxes, para que o alumnado poida apreciar unha utilidade práctica neles,
- a alternancia entre o traballo individual e o traballo en grupo, co fin de fomentar a reflexión individual á vez que as capacidades específicas para desenvolver o traballo en equipo.

Proxecto Educativo

Terase en conta en todo momento:

- a finalidade educativa do propio método, que colabore á adquisición de elementos transversais ao currículo, especialmente os establecidos na normativa educativa,
- o principio de socialización, de xeito que a metodoloxía escollida non favoreza a exclusión de ningún alumno, senón ao contrario, a inclusión de todo o alumnado,
- o respecto ao ritmo individual de aprendizaxe, para que cada alumno ou alumna poida desenvolver as súas capacidades dun xeito seguro dentro da súa propia zona de desenvolvemento cognitivo.

1.4.2. MATERIAIS CURRICULARES

Na ESO, a medida que se avanza cara ao Bacharelato, fuxirase progresivamente do libro de texto como única fonte de información e iranse incorporando outras (apuntes, aula virtual do centro, aulas virtuais externas contratadas polo centro, repositorios de contidos, etc.)

Aínda así, en moitas materias, e especialmente nos cursos baixos da ESO, o libro de texto será o material curricular básico, dado que aporta organización clara dos contidos, ubicuidade e seguridade para as familias no seguemento da materia.

1.4.3. LIBERDADE DE CÁTEDRA

"Todo dereito ten límites. O dereito individual do profesor a escoller a metodoloxía e seleccionar os contidos ten como límite a harmonización destas eleccións coas que realicen o resto dos profesores, coas miras postas sempre no alumno."

SARRAMONA, J (1986) "Bases pedagógicas". Cuadernos de Pedagogía.

Nº 139. Julio-Agosto, pags. 21-22

Os Departamentos Didácticos serán os responsables, a través das Programacións Didácticas, de harmonizar as decisións sobre a metodoloxía utilizada (así como o fan coa temporalización dos contidos, os métodos e instrumentos de avaliación, os criterios de cualificación e outros elementos da programación). Deste xeito, a metodoloxía utilizada polo profesorado do departamento será basicamente a mesma e respectará, en todo caso, as liñas xerais establecidas neste Proxecto Educativo

1.4.4. TECNOLOXÍAS APLICADAS AO COÑECEMENTO (TAC)

No IES Leiras Pulpeiro tense como liña metodolóxica fundamental a utilización das *Tecnoloxías Aplicadas ao Coñecemento (TAC)*, que é un concepto moito máis ambicioso cas antigamente denominadas *Novas Tecnoloxías* ou *Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)*.

Como consecuencia, utilizaranse os amplos recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro:

- Ultraportátiles do alumnado en todas as aulas de 1º e 2º de ESO (Proxecto Abalar)
- Aulas con ordenadores de sobremesa para o alumnado (tres Aulas de informática e dúas de Tecnoloxía)
- Encerado dixital interactivo (EDI) en todas as aulas de grupo e en varias aulas específicas
- Canóns proxectores nas aulas pequenas de desdobre, nos laboratorios, na biblioteca e no salón de actos
- Servidor de recursos educativos (Proxecto Abalar)
- Aula virtual do centro
- Aulas virtuais externas con outros recursos adicionais, contratadas polo centro
- Etc.

1.5. CONTRIBUCIÓN DA ETAPA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS OU CLAVE

A ESO baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares. Trátase de fomentar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe, o cal implica:

- Novos enfoques na aprendizaxe, que agora debe estar centrado no alumnado como descubridor, tomando o profesorado o papel de facilitador de estratexias de aprondizaxe e de curador de contidos.
- Novos enfoques na avaliación, o que supón un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas.
- Propostas metodolóxicas innovadoras.

Proxecto Educativo

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

As competencias desenvolveranse a través da práctica utilizando os saberes aportados polo coñecemento. Este coñecemento será adquirido na ESO a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais. O coñecemento, en realidade, conceptualízase como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

Por todo o antedito, nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e desenvolvemento das competencias básicas ou clave, e fomentarse especialmente a correcta expresión oral e escrita, e tamén o uso do pensamento matemático a nivel instrumental.

1.6. CRITERIOS XERAIS DO CENTRO SOBRE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Todos os departamentos didácticos seguerán as seguintes indicacións con respecto á avaliación do alumnado:

Con respecto ás programacións didácticas:

- As concrecións curriculares das materias constrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais compoñentes de cada materia:
 - os criterios de avaliación relacionaranse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son máis que concrecións dos propios criterios
 - eses estándares de aprendizaxe conectaranse coas competencias clave
 - os criterios de avaliación describirán o que se pretende lograr en cada disciplina (neste sentido, os contidos non son máis que os medios para alcanzalos)
- Nas programacións explicaranse claramente os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que

Proxecto Educativo

permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

- Nas programacións aparecerán claramente expostos os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación das materias pendentes.
- Nas programacións explicarase con claridade o procedemento para recuperar as partes suspensas das materias cursadas nese momento, así como os procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación para levalo a cabo.

Con respecto á información ao alumnado e aos seus pais, nais, titores e titoras legais:

- Os Xefes e Xefas de Departamento responsabilizaranse de que todo o alumnado e os seus responsables legais coñecen cales serán os procedementos e instrumentos de avaliación, así coma os criterios de cualificación das materias e módulos profesionais impartidos por ese departamento.
- Asegurarase tamén de que o alumnado con materias pendentes coñece o procedemento para recuperalas e cal é o profesor responsable da avaliación destas materias (que será o mesmo que lle imparte a materia do curso actual no que está matriculado e, de non cursala, o Xefe do Departamento).

Con respecto aos momentos e tipos de avaliación:

- Farase sempre unha avaliación inicial do alumnado no primeiro mes do curso, seguindo o procedemento establecido en cada programación didáctica.
- Ao longo do curso a avaliación será contínua e formativa. A súa función principal, lonxe da de cualificar meramente ao alumnado, será a detección das deficiencias na aprendizaxe do propio alumno ou alumna, para que poida solucionarlas e subsanalas.
- Informarase aos pais, nais, titores e titoras legais dos progresos do alumno ou alumna. Esta información será dada como mínimo a través dos tres boletíns de cualificacións ao final de cada trimestre, pero atenderase

aos responsables legais sempre que estes o demanden, para facilitarlles información sobre o proceso educativo do seu fillo ou filla en calquera momento do curso.

Con respecto aos procedementos e instrumentos de avaliación:

- Utilizarase, na medida do posible unha variedade suficiente de procedementos e instrumentos de avaliación en cada materia ou módulo, co fin de poder avaliar os diferentes tipos de aprendizaxe e as diferentes competencias clave ou profesionais.

1.7. CRITERIOS XERAIS DO CENTRO SOBRE PROMOCIÓN E TITULACIÓN

1.7.1. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN

ESO (curso LOE)

O alumnado promocionará de curso cando teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirá curso cando teña avaliación negativa en tres ou máis materias.

Excepcionalmente, o equipo docente autorizará a promoción dun alumno con avaliación negativa en tres materias, cando considere que a natureza das mesmas non lle impide seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica.

Esta decisión competerá única e exclusivamente ao profesorado que imparte clase a ese alumno ou alumna, e para tomala analizará as circunstancias individuais do alumno ou alumna, sen ter en conta outras consideracións.

ESO (curso LOMCE)

As decisións sobre a promoción de curso de un alumno ou alumna serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou alumna respectivo.

O alumnado promocionará de curso cando teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirá curso cando teña avaliación negativa en:

- tres ou máis materias
- soamente en dúas materias, cando estas sexan de forma simultánea: *a. Lingua castelá e literatura e Matemáticas*

Proxecto Educativo

b. *Lingua galega e literatura e Matemáticas*

De xeito excepcional, autorizarase a promoción dun alumno ou alumna con avaliación negativa en tres materias, cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

a) que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente:

- a. *Lingua castelá e literatura e Matemáticas*
- b. *Lingua gaelga e literatura e Matemáticas*

b) que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non impide ao alumno ou alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica

Autorizarase de xeito excepcional a promoción dun alumno ou alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan de forma simultánea *Lingua castelá e literatura e Matemáticas*, ou *Lingua gaelga e literatura e Matemáticas*, cando o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica.

Esta decisión competerá única e exclusivamente ao profesorado que imparte clase a ese alumno ou alumna, e para tomala analizará as circunstancias individuais do alumno ou alumna, sen ter en conta outras consideracións.

A estes efectos, as materias coa mesma denominación en diferentes cursos da Educación Secundaria Obligatoria consideraranse como materias distintas.

1.7.2. CRITERIOS XERAIS DE TITULACIÓN

ESO (LOE)

O alumnado cunha, dúas, ou excepcionalmente con tres materias suspensas, poderán titular se acadan as oito competencias básicas e se logran os obxectivos de etapa.

Para establecer un procedemento coordinado nestes casos, na avaliación extraordinaria seguerase o seguinte protocolo:

1º) O equipo docente que esté a avalialo consensuará se logra os obxectivos xerais de etapa.

2º) O equipo docente deberá decidir se acada as sete competencias clave, para o cal irá analizando individualmente unha a unha do seguinte xeito:

O profesorado do equipo docente, nun primeiro momento consensuará, para cada unha das competencias básicas, se o alumno/a a ten adquirida ou non.

No caso de non acadar consenso, considerarase que o alumno/a acada unha determinada competencia cando o profesorado da metade máis unha das materias que estea a cursar considere que ten adquirida esa competencia.

O alumno/a deberá ter adquiridas todas e cada unha das competencias básicas para poderen titular.

1.7.3. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE MATRÍCULAS DE HONRA

Bacharelato

As matrículas de honra concederanse seguindo a normativa establecida, tanto no relativo aos requisitos que debe cumprir o alumnado como ao número de distincións que se poden outorgar en cada curso ou nivel.

En caso de que haxa varios/a candidatos/as á matrícula, concederase a quen teña maior media no curso de 2º de Bacharelato. En caso de empate nesta media, a quen teña maior media no curso anterior. Se continúa a haber empate, ao que teña maior media en 4º de ESO e así sucesivamente nos cursos inferiores ata desfacer o empate.

1.7.4. PERDA DO DEREITO A AVALIACIÓN CONTÍNUA

Exclusivamente no Bacharelatoas faltas de asistencia sen xustificar suporán a perda da avaliación continua se representan un 10% das horas lectivas dun curso académico.

Ao alcanzar o 6% de faltas inxustificadas, o profesor avisará desta circunstancia ao alumnado e aos seus pais, nais ou titores/as legais. Os modelos de apercibimento e a concreción do número de faltas ás que se emitirá o apercibimento, calculado en función do número de horas lectivas semanais da materia ou módulo, atópanse no documento de Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro.

1.8. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1.8.1. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

1.8.1.1. PROCEDEMENTO XERAL DE REPARTO DO ALUMNADO NOS GRUPOS

As medidas de atención á diversidade débense aplicar cun criterio de prioridade que vaia da máis xeral á máis particular, da que menos modifique a estrutura organizativa e curricular á que máis o faga.

Seguindo esta premisa, a primeira medida organizativa de atención á diversidade será o propio reparto do alumnado nos diferentes grupos. Co fin de ofrecer a maior transparencia con respecto a xeito no que se fai este proceso, especialmente de cara aos pais, nais, titores e titoras legais, explícase de seguido o protocolo levado a cabo:

1º e 2º ESO

CARACTERÍSTICAS:

- Ata 4 grupos de referencia (A, B, C, D).
- 2 agrupamentos flexibles.
- Ata 4 grupos de reforzo lingüístico.

PROCEDEMENTO DE REPARTO:

1. Asignar o alumnado con Transtornos Xeralizados do Desenvolvemento ao grupo no que teñan maior compatibilidade horaria, para facilitar a súa inclusión nel.
2. En 2º, asignar o Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR) a un gru.
3. Ordenar o resto do alumnado por orde alfabética e repartilo nos grupos comezando polo A e seguindo polo resto ordeadamente ata o final.
4. Repartir o alumnado de *Relixión católica* proporcionadamente entre todos os grupos.
5. Repartir o alumnado de Valores proporcionadamente entre todos os grupos.
6. Facer permutas entre o alumnado de todos os grupos para equilibrar o número dos alumnos e alumnas exentos de *Segunda lingua estranxeira* (que recibe reforzo lingüístico) e dos que van a un Agrupamento Flexible en catro materias.
7. Facer permutas entre o alumnado de todos os grupos para equilibrar o número de repetidores.

Proxecto Educativo

9. Facer permutas entre o alumnado en función de aspectos relacionados coa convivencia (registro de informes do curso anterior, círculos de protección, separación das vítimas dos agresores, etc.)

3º ESO

CARACTERÍSTICAS:

- Ata 4 grupos de referencia (A, B, C, D).
- 1 grupo de Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR) con ata 10 alumnos.
- Opción de *Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas* e de *Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas*.

PROCEDEMENTO DE REPARTO:

1. Asignar o alumnado con Transtornos Xeralizados do Desenvolvemento ao grupo no que teñan maior compatibilidade horaria, para facilitar a súa inclusión nel.
2. Asignar o alumnado do Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR) a un g
3. Asignar o alumnado con *Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas* a un mesm
4. Ordenar o resto do alumnado por orde alfabética e repartiilo nos grupos comezando polo A e seguindo polo resto ordeadamente ata o final.
5. Repartir o alumnado de *Relixión católica* proporcionadamente entre todos os grupos.
6. Repartir o alumnado de Valores proporcionadamente entre todos os grupos.
7. Facer permutas entre o alumnado de todos os grupos para equilibrar o número de repetidores.
8. Facer permutas entre o alumnado en función de aspectos relacionados coa convivencia (registro de informes do curso anterior, círculos de protección, separación das vítimas dos agresores, etc.)

4º ESO

CARACTERÍSTICAS:

- Ata 4 grupos de referencia (A, B, C, D).
- 1 grupo de PEMAR con ata 10 alumnos.
- Opción de *Matemáticas A* e de *Matemáticas*

PROCEDEMENTO DE REPARTO:

1. Asignar o alumnado con Transtornos Xeralizados do Desenvolvemento ao grupo no que teñan maior compatibilidade horaria, para facilitar a súa inclusión nel.
2. Asignar o alumnado de PEMAR a
3. Asignar o alumnado de *Matemáticas A* a un mesmo grupo.
4. Asignar o alumnado de *Matemáticas B* entre varios grupos en función de se teñen *Relixión* (van a un grupo) ou *Valores* (van a outro)
5. Ordenar o resto do alumnado por orde alfabética e repartilo nos grupos comezando polo A e seguindo polo resto ordeadamente ata o final.
6. Repartir o alumnado de *Relixión católica* proporcionadamente entre todos os grupos.
7. Repartir o alumnado de *VALORES* proporcionadamente entre todos os grupos.

1º BACHARELATO

CARACTERÍSTICAS:

- Ata 3 grupos de referencia: (A, B, C).
- Modalidade de Ciencias e Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.
- Un dos grupos podería ser mixto con ambas as dúas modalidades.

PROCEDEMENTO DE REPARTO:

1. Ordenar o alumnado por orde alfabética.
2. Asignar todo o alumnado da modalidade de Ciencias no grupo 1ºA.
3. Asignar todo o alumnado da modalidade de Humanidades de Ciencias Sociais no grupo 1ºB.
4. Se cómpre facer un grupo mixto, formarlo en 1ºC. Para iso, colocar nel aos últimos (alfabeticamente) que teñen Valores

2º BACHARELATO

CARACTERÍSTICAS:

- Ata 3 grupos de referencia: (A, B, C).
- Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía e Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.
- Un dos grupos podería ser mixto con ambas as dúas modalidades.

PROCEDEMENTO DE REPARTO:

1. Ordenar o alumnado por orde alfabética.
2. Asignar todo o alumnado da modalidade de Ciencias no grupo 2ºA.
3. Asignar todo o alumnado da modalidade de Humanidades de Ciencias Sociais no grupo 2ºB.
4. Se cómpre facer un grupo mixto, formarlo en 2ºC. Para iso, colocar nel aos últimos (alfabeticamente) que teñen *Atención educativa*, ou ben ao alumnado que estea repetindo curso só con algunhas materias.

1.8.1.2. MEDIDAS ORGANIZATIVAS NA ESO

Na ESO, as medidas organizativas adoptadas polo centro son as seguintes:

- **Agrupamentos flexibles** en 1º e 2º de ESO, nas seguintes materias:
 - *Lingua galega e literatura* ou *Lingua castelá e literatura*
 - *Matemáticas*
 - *Ciencias sociais, xeografía e Historia (LOE) / Xeografía e Historia (LOMCE)*
 - *Ciencias da natureza (LOE) / Bioloxía e xeoloxía (LOMCE)*
- **Desdobres** nas materias de idioma e nas que desenvolven prácticas de laboratorio, sempre que as disponibilidades horarias do profesorado o permitan:
 - *Primeira lingua estranxeira (Inglés)*
 - *Ciencias da natureza (LOE) / Bioloxía e xeoloxía (LOMCE)*
 - *Física e Química*
- **Reforzos** en materias instrumentais:
 - *Matemáticas* (en 3º de ESO cando é posible e recomendable)
 - *Lingua galega e literatura* ou *Lingua castelá e literatura* (para o alumnado exento de *Segunda lingua estranxeira* en 1º e 2º de ESO)
- **Programa de adquisición de linguas:**
 - *Cando se detecta no alumnado recén chegado ao centro o non coñecemento das dúas linguas cooficiais (galego e castelán), a Xefatura de Estudos e a Xefatura do Departamento de Orientación organizarán un horario especial, respectando o establecido na normativa, no que ese alumnado reciba ensinanzas dunha das linguas cooficiais. Para iso se reorganizará o horario do profesorado de apoio ou de profesorado con dispoñibilidade horaria.*

1.8.1.3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS NO BACHARELATO

- **Desdobres** nas materias que desenvolven prácticas de laboratorio, sempre que as disponibilidades horarias do profesorado o permitan:
 - *Bioloxía e xeoloxía*
 - *Física e química*
 - *Bioloxía*
 - *Xeoloxía*
 - *Física*
 - *Química*
- **Programa de adquisición de linguas:**
 - *Cando se detecta no alumnado recén chegado ao centro o non coñecemento das dúas linguas cooficiais (galego e castelán), a Xefatura de Estudos e a Xefatura do Departamento de Orientación organizarán un horario especial, respectando o establecido na normativa, no que ese alumnado reciba ensinanzas dunha das linguas cooficiais. Para iso se reorganizará o horario do profesorado de apoio ou de profesorado con dispoñibilidade horaria.*

1.8.2. MEDIDAS CURRICULARES

- Agrupación de materias en ámbitos dentro de programas específicos:
 - *Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (LOMCE)*
- Apoios fóra do grupo nas materias instrumentais: para o alumnado con Adaptacións Curriculares Individualizadas. Lévanse a cabo por parte de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- Unidade de educación especial de alumnado con transtornos xeralizados do desenvolvemento (transtornos do espectro autista). Este alumnado está integrado no seu grupo de referencia en determinadas materias, dependendo das súas características persoais. Hai dúas profesoras especialistas neste tipo de alumnado, que están adscritas a esta unidade por concurso de méritos para prazas con alumnado de escolarización preferente.

1.9. CRITERIOS PARA INTRODUCIR A EDUCACIÓN EN VALORES NAS DISTINTAS MATERIAS

(en elaboración)

1.10. CRITERIOS XERAIS DO CENTRO PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

ESO e BACHARELATO

Os Departamentos Didácticos que impartan materias na ESO e no Bacharelato seguerán un modelo unificado de Programación Didáctica, que será aportado pola Xefatura de Estudos. Este modelo contará con elementos formais unificadores, como a portada, o membrete e logotipo oficial, a fonte, o espaciado, etc.

Nos cursos afectados polas modificacións establecidas na *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*, as programacións didácticas procurarán utilizar o modelo aportado pola Inspección Educativa e asumido polo centro.

Todas as programacións didácticas conterán os elementos establecidos na normativa educativa.

2. PLANS E PROGRAMAS

2.1. PROXECTO LINGÜÍSTICO

Ver documento anexo: Proxecto Lingüístico

2.2. PROXECTO LECTOR

Ver documento anexo: Proxecto Lector

2.3. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Ver documento anexo: Plan de Integración das TIC

2.4. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ver documento anexo: Plan de Atención á Diversidade

2.5. PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL

Ver documento anexo: Plan de Orientación e Acción titorial

2.6. PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR OU CON MATERIAS PENDENTES

(En elaboración)

CAPÍTULO III

NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA

1. PLAN DE CONVIVENCIA

Ver documento anexo: [Plan de Convivencia](#)

2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA

Ver documento anexo: [Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia](#)

3. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Ver documento anexo: [Plan de Autoprotección](#)

CAPÍTULO IV

PROXECTO DE XESTIÓN

ECONÓMICA

1. RECURSOS EDUCATIVOS DOS QUE SE DISPÓN NO CENTRO

1.1. ESPAZOS

Dentro do edificio principal existen:

- Espazos adicados á

xestión: o Na primeira

planta:

- Departamento de Física e Química / Departamento de Educación Física e Deportiva / Departamento de Artes Plásticas.

- Departamento de Ciencias Naturais

-

- Departamento de Tecnoloxía / Departamento de Música.

-

-

p Na planta baixa:

- Secretaría.

- Despachos dos membros do equipo directivo.

- Conserxería.

- Sala de profesorado.

- Departamento de Lingua Castelá e Literatura.

- Departamento de Inglés / Departamento de Francés.

- Departamento de Filosofía / Departamento de Economía / Departamento de Grego / Departamento de Relixión Católica.

- Departamento de Xeografía e Historia.

- Departamento de Matemáticas.

- Departamento de Lingua Galega e Literatura.

- Sala de recepción de pais, nais, titores e titoras

- Espazos académicos singulares:
 - o Na planta primeira:
 - Dúas aulas de Informática.
 - Laboratorio de Física.
 - Salón de actos.
 - Laboratorio de Ciencias Naturais.
 - Laboratorio de Química.
 - Aula de Debuxo.
 - o Na planta baixa
 - Biblioteca.
 - Aula da unidade de educación especial para alumnado con transtornos xeralizados do desenvolvemento (espectro autista).
 - Dúas aulas de apoio.

Proxecto Educativo

- Dúas aulas de Tecnoloxía.
- Dúas aulas de Música.

- Outros espazos:
 - o Na planta primeira:
 - Aseos de profesorado.
 - Aseos de alumnado.
 - o Na planta baixa
 - Cafetaría.
 - Almacéns.
 - Aseos de profesorado.
 - Aseos de alumnado.
 - Sala dos cadros eléctricos.
 - Sala do sistema de son (e da alarma).
 - Sala e aseos do persoal de limpeza.
 - o Na planta semisoto:
 - Sala de caldeiras.
 - Sala de limpeza.
 - Aseos de alumnado.
 - Almacéns.

- Dentro do edificio deportivo existen:
 - Ximnasio.
 - Despacho e aseos do profesorado.
 - Vestiarios e aseos para o alumnado.
 - Almacéns.
 - Polideportivo cuberto.

1.2. RECURSOS TIC

Equipamento informático:

En total o centro dispón de:

- 329 ordenadores (90 en aulas específicas de informática, 189 en aulas habituais de clase, 10 en dependencias administrativas e 40 noutras dependencias como laboratorios, departamentos ou biblioteca)
- 62 espazos (todas as aulas e 26 espazos máis) con acceso a internet e á intranet
- 23 encerados dixitais interactivos
- 38 canóns proxectores
- 23 impresoras
- Rede WiFi propia e rede WiFi Abalar independente.

A distribución deste equipamento e a seguinte:

- Todas as aulas contan co seguinte equipamento:
 - Equipo informático
 - Canón multimedia
 - Encerado dixital interactivo (agás 4 aulas pequenas de desdobre, que teñen pantalla de proxección)
 - Conexión a rede
- Salón de actos co seguinte equipamento:
 - Equipo informático
 - Equipo de son de potencia
 - Canón multimedia
 - Pantalla de proxección
 - Conexión a rede
 - Reproductores VHS e DVD
- As dúas aulas de música, a aula de debuxo e dous laboratorios, co seguinte equipamento:
 - Equipo informático
 - Equipo de son
 - Canón multimedia
 - EDI ou Pantalla de proxección
 - Conexión a rede
- Sala de lectura da Biblioteca escolar co seguinte equipamento:
 - 2 equipos informáticos de xestión
 - 5 portátiles de alumno con instalación fixa de rede por LAN

Proxecto Educativo

- Equipo de son
- Canón multimedia
- Pantalla de proxección
- Conexión a rede
- Portátiles: 17
- Aulas específicas con ordenadores de alumno e conexión a Internet:
 - Aula de informática I: 17
 - Aula de informática II: 17
 - Aula de Tecnoloxía/ informática I: 17
 - Aula de Tecnoloxía/ informática II: 17
 - Aulas Abalar: 6. Cada aula contén o seguinte equipamento:
 - 1 Portátil profesor
 - 1 Netbook para cada alumno de 1º ou 2º de ESO
 - 1 Canón multimedia con encerado dixital interactivo
 - Conexión WiFi na aula abalar
 - Armario/cargador de equipos informáticos
 - Sala do profesorado con canón proxector e pantalla.
- Todos os despachos, departamentos didácticos e a sala do profesorado dispoñen de ordenador conectado a internet e á intranet.
- Sitio web do centro: deseñado co xestor de contidos Drupal, dentro do proxecto oficial da Consellería Websdinámicas.
- Aula virtual: deseñada co xestor de contidos Moodle, dentro do proxecto oficial da Consellería Websdinámicas.
- Acceso a contidos dixitais interactivos das diferentes materias a través da plataforma educativa Aulaplaneta.
- Blogs de aula, materia, biblioteca escolar e dinamización lingüística.
- Acceso Wifi: hai conexión por cable e tamén wifi en todo o centro.

2. PROXECTO DE XESTIÓN

2.1. REPARTO DE RESPONSABILIDADES EN RELACIÓN COA XESTIÓN ECONÓMICA

Secretario/a do centro:

Elaborará o Proxecto de Orzamento anualmente, unha vez que reciba dende a Consellería competente a información sobre os orzamentos do que o centro disporá durante o seguinte ano natural.

Autorizará, por delegación do Director/a, os gastos solicitados polos departamentos didácticos.

Manterá actualizada a Conta de Xestión de Orzamentos e custodiará as facturas, contratos e calquera documento económico.

Elaborará, ao rematar o exercizo económico, a Xustificación de Gastos, que deberá ser presentada ao Director/a.

Director:

Aprobará anualmente o Proxecto de Orzamento e se responsabilizará de envialo ao Servizo de Inspección Educativa como parte da Programación Xeral Anual do centro.

Será informado polo Secretario/a, en todo momento e con anterioridade a producirse, de calquera gasto extraordinario ou especialmente significativo.

Será consultado sobre as contratacións de subministros e contratación de obras, e as autorizará.

Aprobará anualmente a Xustificación de Gastos e se responsabilizará de envialo ao Servizo de Inspección Educativa como parte da Memoria Anual do centro.

2.2. FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN ECONÓMICA

Nos termos establecidos na normativa, constituirase a Comisión Económica no seo do Consello Escolar e funcionará segundo estea establecido no regulamento de centro.

Como comisión delegada, será informada puntualmente do Proxecto de Orzamento e da Xustificación de Gastos do centro, e poderá propór gastos e inversións para a mellora do centro.

2.3. ORZAMENTO E XUSTIFICACIÓN DE GASTOS

Anualmente elaborárase un Proxecto de Orzamento do centro e, ao rematar o exercizo económico, unha Xustificación de Gastos. Ambos os dous documentos presentaranse ao Consello Escolar, que deberá ser informado dos aspectos da xestión do orzamento do centro.

O Secretario/a elaborará ambos os dous documentos e o Director aprobaráos e responsabilizarase de presentalos ao Servizo de Inspección Educativa nos prazos establecidos a tal efecto.

3. PLAN DE ACCIÓNS PARA A OBTENCIÓN DE RECURSOS COMPLEMENTARIOS

O centro non dispón de Plan de Acción para a Obtención de Recursos Complementarios.